



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego

Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés- Galego			
Código	V01G230V01609			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	García González, Marta Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	García González, Marta Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	mgarciag@uvigo.es brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta Tradución inglés-galego é unha materia obrigatoria 6 créditos ECTS situada no segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. A materia, maioritariamente de tradución directa, mantén estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e procedimentais coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A10	Capacidade de traballo en equipo
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A22	Destrezas de tradución
A29	Formación universitaria específica
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B14	Motivación pola calidade
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deses criterios e que consecuencias terá esa decisión	A17	B2
	A18	B4
	A22	

Domina-los mundos textuais e mitolóxicos das dúas culturas coas que traballa, as distintas convencións sociais e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas	A1 A2 A4 A17 A18 A31	B4 B9
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contino novas especializacións temáticas	A17	B3 B9 B14
Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc.	A18 A22 A31	B3 B14 B16 B17
Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. : a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconceito de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	A10 A17 A18 A22 A29 A31	B3 B4 B7 B9 B14 B17
Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional	A1 A2 A4 A10 A17 A18 A22 A29 A31	B2 B3 B4 B7 B9 B14 B17

Contidos

Tema

- Estratexias xerais de tradución dos textos de especialidade - características dos xéneros textuais de especialidade: económico, xurídico, técnico, científico
- documentación especializada nas linguas de traballo
- Introdución á tradución especializada do inglés ao galego - análise e tradución de textos especializados de temática variada
- A tradución de textos xornalísticos de temática variada - análise e tradución das distintas variedades de textos xornalísticos
- A tradución de textos editoriais de temática variada - análise e tradución das distintas variedades de textos editoriais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Estudos/actividades previos	2	2	4
Proxectos	6	38	44
Estudo de casos/análises de situacións	10	10	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	26	52	78
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa. Creación de grupos de traballo.
Estudos/actividades previos	Revisión de fontes de documentación inglés-galego manexadas en materias previas
Proxectos	Preséntaselle ó alumno situacións reais de tradución ante as cales deberá tomar unha serie de decisións sobre como realizar a encarga e solucionar os problemas que presenta.
Estudo de casos/análises de situacións	Preséntaselle ó alumno textos susceptibles de ser traducidos, ou traducións xa feitas de textos, para avaliar a súa corrección e calidade

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como nas sesións presenciais. Ten como obxectivo: a) asesorar os alumnos sobre a realización das distintas actividades que se propoñan ó longo do curso. b) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Proxectos	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como nas sesións presenciais. Ten como obxectivo: a) asesorar os alumnos sobre a realización das distintas actividades que se propoñan ó longo do curso. b) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como nas sesións presenciais. Ten como obxectivo: a) asesorar os alumnos sobre a realización das distintas actividades que se propoñan ó longo do curso. b) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como nas sesións presenciais. Ten como obxectivo: a) asesorar os alumnos sobre a realización das distintas actividades que se propoñan ó longo do curso. b) atender as distintas necesidades do alumno en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Proxectos	Proxectos breves de tradución. Entregaranse 3 proxectos breves de tradución, cada un dos cales representará un 20% na nota final. Proxecto 1: data de entrega 7 de marzo Proxecto 2: data de entrega 7 de abril Proxecto 3: data de entrega 19 de maio	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba presencial de avaliación Data: 14 de febreiro	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Entrega traballo lectura novela obrigatoria (5%). Data: 21 de marzo Exame final (25%) que consistirá nunha tradución e un comentario de dificultades. Data: 25 de abril de 13 a 15h. O alumnado terá que aprobar esta proba para aprobar a materia	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para ter dereito á avaliación continua, o alumnado deberá participar nas actividades previstas na materia e asistir ó 80% das sesións presenciais de clase.

Con respecto á corrección dos exames e traballos, cómpre sinalar que se lle prestará unha especial atención ó dominio das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Dous erros ortotipográficos ou morfosintácticos invalidarán calquera exame.

Nos exames permitirase o uso de dicionarios, ordenador con conexión a internet e outros materiais.

No caso do alumnado que non se acolla á avaliación continua, deberá comunicalo por escrito o primeiro mes de clase e deberá realizar un único exame o 25 de abril ás 13.00h que será o 100% da nota final. O exame consistirá na realización dunha tradución dun texto dunhas 350 palabras e un comentario de dificultades. Os alumnos de avaliación única terán tamén unha pregunta sobre a novela de lectura obrigatoria. Aplicarase o mesmo ó exame de xullo.

Na convocatoria de xullo todo o alumnado deberá realizar un único exame da data oficial fixada polo Centro. A cualificación da convocatoria de xullo será, para todo o alumnado, a do exame, que consistirá na realización dunha tradución dun texto dunhas 350 palabras e un comentario das dificultades.

Bibliografía. Fontes de información

O alumnado terá que escoller e ler unha novela escrita en lingua inglesa. As profesoras terán que validar a proposta.

Bibliografía (a bibliografía completárase nas clases):

Baker, M. 2011. *A Course on Translation*. London: Routledge.

Gonzalo Garcia, C. y Garcia Yebra, V. (eds.) 2004. *Manual de documentación y terminología para la traducción especializada*. Madrid: Arco.

Hervey, S. et al. 2000. *Thinking Spanish Translation. A Course in Translation Method: Spanish to English*. London: Routledge.

López Guix, J. G. M. Wilkinson. 1999. *Manual de traducción, Inglés/Castellano*. Barcelona: Gedisa.

Mayoral Asensio, R. 2003. *Translating official documents*. Manchester: St. Jerome Publishing

Mamkjaer, K. & K. Windle (Eds.) 2011. *The Oxford Handbook of Translation Studies*. Oxford: Oxford University Press.

Mossop, B. 2001. *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01918

Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926
